

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 13-2014 DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 30/09/2014-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSÉ CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSÉ RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)

Concelleiros ausentes:

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

ANA MARÍA EITOR VIDAL (PP)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora

Patricia Fernández Pérez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do numero legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

2º.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 144/2014 DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCIZO 2013

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS AOS REPAROS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL E INFORME XUSTIFICATIVO DA ALCALDIA.

4º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2013

5º.- APOIO Á PESCA DO XEITO

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

O Alcalde xustifica a urxencia, tal e como indicou na convocatoria, nos prazos dados para aprobar a conta xeral exercizo 2013 antes do 01/10/2014; aproveitase para dar conta da Liquidación do orzamento anterior, e asemade someter ao pleno o acordo de apoio á pesca do Xeito ao que se comprometeran no pleno ordinario do xoves anterior.

Sendo o Pleno o órgano competente, sométese a votación a urxencia da sesión bastando maioría simple: RATIFICASE A URXENCIA da sesión, por unanimidade dos membros presentes (5 BNG, 4 do PSdeG-PSOE e 5 do PP), isto é, 14 de 17 membros que compoñen legalmente a corporación, polo tanto a maioría esixida legalmente.

2.- DACION DE CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 144/2014 DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCIZO 2013

O Sr. Alcalde da conta da resolución facilitada aos voceiros dos grupos municipais.

<<Decreto Nº. 144/2014 Aprobación liquidación orzamento 2013

Presentada a Liquidación do Orzamento do exercicio 2013 e informada pola Intervención Municipal en data 27/03/2014.

Vistas as facultades que en materia de aprobación da Liquidación me confire o artigo 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o artigo 90 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, polo que se desarrolla o capítulo primeiro do título sexto da citada Lei.

RESOLVO:

Primeiro: Prestar aprobación da Liquidación de Gastos e Ingresos do Orzamento do Concello de Rianxo correspondente ao exercicio 2013, que mostra o seguinte resumo:

a) Estado operativo

GASTOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE (OBRIGAS RECOÑ)	INGRESOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE (DEREITOS RECOÑ NETOS)
1. Gastos de persoal	2.388.078,29 €	1. Impostos directos	1.944.041,70 €
2. Gtos bens ctes e serv.	2.742.158,42 €	2. Impostos indirectos	23.931,39 €
3. Gastos financeiros	207.628,97 €	3. Tasas e outros ingres	1.285.358,57 €
4. Transfer. correntes	115.740,66 €	4. Transfer. correntes	3.052.465,46 €
		5. Ingresos patrimoniais	2.827,30 €
6. Inversións reais	523.266,27 €	6. Enaxen. invers. reais	0,00 €
7. Transfer. de capital	189.811,92 €	7. Transfer. de capital	393.409,41 €
8. Activos financeiros	0,00 €	8. Activos financeiros	0,00 €
9. Pasivos financeiros	1.018.124,84 €	9. Pasivos financeiros	0,00 €

TOTAL	7.184.809,37 €	TOTAL	6.702.033,83 €
--------------	-----------------------	--------------	-----------------------

b) Resultado orzamentario

RESULTADO ORZAMENTARIO				
CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a) Operacións correntes	6.308.624,42	5.453.606,34		855.018,08

b) Outras operacións non financeiras	393.409,41	713.078,19	-319.668,78
1. Total operacións non financeiras (a+b)	6.702.033,83	6.166.684,53	535.349,30
2. Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
3. Pasivos Financeiros	0,00	1.018.124,84	-1.018.124,84
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	6.702.033,83	7.184.809,37	-482.775,54
AXUSTES:			
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesouraría para gastos xerais		0,00	
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio		256.027,04	
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio		17.702,49	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO			-244.450,99

c) Remanente de tesouraría

ESTADO DO REMANENTE DE TESOURARÍA

COMPOÑENTES	IMPORTES ANO 2013 (€)	
1 (+) Fondos líquidos		1.149.112,57
2 (+) Dereitos pendentes de cobro		1.167.595,50
Presuposto corrente (+)	304.350,93	
Presupostos pechados (+)	1.039.849,45	
Debedores non presupostarios (+)	1.367,56	
Ingresos realizados pendentes de Aplicar (-)	177.972,44	
3 (-) Obrigas pendentes de pago		1.163.831,13
Presuposto corrente (+)	972.533,78	
Presupostos pechados (+)	35.914,70	
Acredores non presupostarios (+)	229.700,92	
Pagos realizados pendentes de Aplicar (-)	74.318,27	
I. Remanente de Tesouraría Total (1+2-3)		1.152.876,94
II. Saldos de Dubidoso cobro		843.977,04
III. Excesos de financiación afectada		114.979,36
IV. Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais (I - II - III)		193.920,54

Segundo: Dar conta ó Pleno desta liquidación correspondente ó exercicio 2013 e que se remita copia desta á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en consonancia co previsto nos artigos 193.4 e 193.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 91 do Real Decreto 500/90.

En Rianxo a 27 de marzo de 2014

O Alcalde
Adolfo Muíños Sánchez

A Secretaria que dou fe,
Carolina Costoya Pardo>>

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS AOS REPAROS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL E INFORME XUSTIFICATIVO DA ALCALDÍA

O Sr. Alcalde da conta do Informe da Intervención que relaciona as resolucións que se facilitaron aos membros da corporación.

<<INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: Informes de Intervención do exercicio 2013

I. LEXISLACIÓN APLICABLE

Ø Artigo 218 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL)

II. INFORME

O artigo 218 TRLFL establece o seguinte:

“1. O órgano interventor elevará un informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. O dito informe atenderá unicamente a aspectos e cometidos propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice. O contido neste apartado constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria. O presidente da corporación poderá presentar no Pleno un informe xustificativo da súa actuación.

2. Sen prexuízo do anterior, cando existan discrepancias, o presidente da entidade local poderá elevar a súa resolución ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.”

Este artigo foi redactado polo número tres do artigo segundo da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que entrou en vigor o 31/12/2013, polo que entendo que afecta aos informes do exercicio 2013.

En relación á recopilación da información requirida, quero indicar que a miña toma de posesión como interventora deste concello data do mes de abril de 2014 e que non existe unha relación numerada dos informes desfavorables de Intervención. A información que se relaciona é da que teño coñecemento, polo que de detectar a existencia doutros informes de reparo con resolución que aprobe continuar coa tramitación do expediente e que non figure na seguinte lista, sería posteriormente obxecto dunha nova relación para darlle conta ao Pleno, tal e como establece o artigo 218.1 TRLFL.

Nº	Órgano que levanta o reparo	Resolución	Data do informe de reparo	Descrición do informe de reparo
1	Alcaldía	32/2013	01/02/13	Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o concello para financiar unha campaña de fomento de tratamento de residuos, pola falta de fiscalización previa
2	Pleno	31/01/13	24/01/13	Recoñecemento extraxudicial 1/2013 por omitir o requisito de existencia de crédito axeitado e suficiente
3	Alcaldía	609/2013	12/02/13	Convenio de colaboración entra a Deputación Provincial e o concello para financiar o XXIX programa de música e teatro para grupos non profesionais e outros, pola falta de fiscalización previa
4	Alcaldía	74/2013	25/02/13	ADO 2/2013, pola omisión dos trámites ordinarios do procedemento de aprobación do gasto naqueles con pagamento domiciliado e a omisión do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
5	Alcaldía	131/2013	22/03/13	ADO 3/2013, pola do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
6	Alcaldía	132/2013	22/03/13	ADO 5/2013, pola do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
7	Alcaldía	155/2013	01/04/13	Aprobación das bases para a contratación de auxiliares de policía local temporais, pola non xustificación dos requisitos que permitan a contratación temporal
8	Alcaldía	Orden de transferencia	05/04/13	Incumprimento da prelación de pagos

9	Alcaldía	158/2013	05/04/13	ADO 6/2013, pola omisión dos trámites ordinarios do procedemento de aprobación do gasto naqueles con pagamento domiciliado e a omisión do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
10	Alcaldía	Orden de transferencia	10/04/13	Incumprimento da prelación de pagos
11	Alcaldía	Orden de transferencia	15/04/13	Incumprimento da prelación de pagos
12	Alcaldía	179/2013	19/04/13	Conta xustificativa dun pago a xustificar correspondente a unha axuda de emerxencia social, por non existir unhas bases reguladoras nin convocatoria da subvención que regulen o seu procedemento
13	Alcaldía	180/2013	19/04/13	ADO 7/2013, pola omisión dos trámites ordinarios do procedemento de aprobación do gasto naqueles con pagamento domiciliado e a omisión do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
14	Alcaldía	Orden de transferencia	24/04/13	Incumprimento da prelación de pagos
15	Pleno	30/05/13	26/04/13	Prórroga do contrato de concesión do servizo municipal de autobuses, por proceder a extinción do servizo ao terse modificado a súa execución con respecto do contrato
16	Alcaldía	189/2013	26/04/13	Conta xustificativa 1/2013 do anticipo de caixa fixa para axudas de emerxencia social, por non existir unhas bases reguladoras nin convocatoria da subvención que regule o seu procedemento e pola omisión dos requisitos da factura nun xustificante de gasto
17	Alcaldía	Orden de transferencia	29/04/13	Incumprimento da prelación de pagos
18	Alcaldía	206/2013	02/05/13	Gratificacións de axentes da Policía Local pola comisión do servizo na Pascua de Padrón pola omisión da fiscalización previa
19	Alcaldía	Orden de transferencia	03/05/13	Incumprimento da prelación de pagos
20	Alcaldía	212/2013	03/05/13	Conta xustificativa dun pago a xustificar para a contratación dun grupo de gaitas para a festa do mexillón por considerar que podería tramitarse o pagamento de forma ordinaria, sen a necesidade do procedemento excepcional do pago a xustificar, que anticipa o libramento de fondos
21	Alcaldía	221/2013	09/05/13	ADO 8/2013, pola omisión dos trámites ordinarios do procedemento de aprobación do gasto naqueles con pagamento domiciliado e a omisión do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
22	Pleno	23/05/13	16/05/13	Recoñecemento extraxudicial 2/2013 por omitir o requisito de existencia de crédito axeitado e suficiente
23	Alcaldía	Orden de transferencia	23/05/13	Incumprimento da prelación de pagos
24	Alcaldía	239/2013	24/05/13	Conta xustificativa dun pago a xustificar correspondente a unha axuda de emerxencia social, por non existir unhas bases reguladoras nin convocatoria da subvención que regulen o seu procedemento
25	Alcaldía	Orden de transferencia	28/05/13	Incumprimento da prelación de pagos
26	Alcaldía	Orden de transferencia	30/05/13	Incumprimento da prelación de pagos
27	Alcaldía	238/2013	24/05/13	ADO 10/2013, pola do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor

28	Alcaldía	257/2013	06/06/13	Nóminas complementarias do mes de maio relativas aos tractoristas de limpeza de praias, pola non xustificación dos requisitos que permitan a contratación temporal
29	Alcaldía	263/2013	10/06/13	ADO 11/2013, pola do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
30	Alcaldía	279/2013	20/06/13	ADO 12/2013, pola do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
31	Alcaldía	280/2013	20/06/13	Conta xustificativa dun pago a xustificar correspondente a unha axuda de emerxencia social, por non existir unhas bases reguladoras nin convocatoria da subvención que regulen o seu procedemento
32	Alcaldía	Orden de transferencia	26/06/13	Incumprimento da prelación de pagos
33	Alcaldía	Orden de transferencia	28/06/13	Incumprimento da prelación de pagos
34	Alcaldía	Orden de transferencia	01/07/13	Incumprimento da prelación de pagos
35	Alcaldía	295/2013	02/07/13	Conta xustificativa dun pago a xustificar para a contratación dunha actuación musical no Centro de Xubilados por considerar que podería tramitarse o pagamento de forma ordinaria, sen a necesidade do procedemento excepcional do pago a xustificar, que anticipa o libramento de fondos
36	Pleno	12/07/13	04/07/13	Recoñecemento extraxudicial 3/2013 por omitir o requisito de existencia de crédito axeitado e suficiente
37	Alcaldía	303/2013	05/07/13	ADO 13/2013, pola do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
38	Alcaldía	320/2013	09/07/13	Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o concello para a prevención e defensa contra incendios, pola falta de fiscalización previa
39	Alcaldía	329/2013	19/07/13	ADO 14/2013, pola do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
40	Alcaldía	Orden de transferencia	29/07/13	Incumprimento da prelación de pagos
41	Alcaldía	Orden de transferencia	29/07/13	Incumprimento da prelación de pagos
42	Alcaldía	Orden de transferencia	31/07/13	Incumprimento da prelación de pagos
43	Alcaldía	375/2013	19/08/13	Xeración de crédito 15/2013 por non dispor do documento que acredite o compromiso firme da subvención
44	Alcaldía	Orden de transferencia	05/09/13	Incumprimento da prelación de pagos
45	Alcaldía	Orden de transferencia	13/09/13	Incumprimento da prelación de pagos
46	Alcaldía	Orden de transferencia	18/09/13	Incumprimento da prelación de pagos
47	Alcaldía	Orden de transferencia	19/09/13	Incumprimento da prelación de pagos
48	Alcaldía	Orden de transferencia	26/09/13	Incumprimento da prelación de pagos
49	Alcaldía	Orden de transferencia	03/10/13	Incumprimento da prelación de pagos
50	Alcaldía	483/2013	17/10/13	Conta xustificativa 4/2013 do anticipo de caixa fixa do Servizo de Obras por non corresponderse parte do gasto xustificado co fin autorizado para ese anticipo de caixa

51	Alcaldía	484/2013	17/10/13	Conta xustificativa 2/2013 do anticipo de caixa fixa para axudas de emerxencia social, por non existir unhas bases reguladoras nin convocatoria da subvención que regule o seu procedemento e pola omisión dos requisitos da factura nun xustificante de gasto
52	Alcaldía	485/2013	18/10/13	ADO 21/2013, pola do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
53	Alcaldía	487/2013	21/10/13	Prórroga do contrato de concesión do servizo municipal de autobuses, por proceder a extinción do servizo ao terse modificado a súa execución con respecto do contrato
54	Alcaldía	Orden de transferencia	28/10/13	Incumprimento da prelación de pagos
55	Alcaldía	Orden de transferencia	30/10/13	Incumprimento da prelación de pagos
56	Alcaldía	523/2013	05/11/13	ADO 26/2013, pola do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
57	Alcaldía	Orden de transferencia	13/11/13	Incumprimento da prelación de pagos
58	Alcaldía	Orden de transferencia	14/11/13	Incumprimento da prelación de pagos
59	Alcaldía	Orden de transferencia	15/11/13	Incumprimento da prelación de pagos
60	Alcaldía	Orden de transferencia	22/11/13	Incumprimento da prelación de pagos
61	Alcaldía	Orden de transferencia	25/11/13	Incumprimento da prelación de pagos
62	Alcaldía	Orden de transferencia	29/11/13	Incumprimento da prelación de pagos
63	Alcaldía	598/2013	05/12/13	ADO 30/2013, correspondente a un gasto que consiste nunha subvención en especie, concretamente unha axuda de emerxencia social. Non constan unhas bases reguladoras nin unha convocatoria da subvención que regule o seu procedemento.
64	Alcaldía	599/2013	05/12/13	ADO 31/2013, pola do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
65	Alcaldía	Orden de transferencia	10/12/13	Incumprimento da prelación de pagos
66	Alcaldía	Orden de transferencia	19/12/13	Incumprimento da prelación de pagos
67	Alcaldía	623/2013	19/12/13	ADO 33/2013, pola do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
68	Alcaldía	626/2013	19/12/13	Conta xustificativa do pago a xustificar relativo á carreira popular Toffe por considerar que podería tramitarse o pagamento de forma ordinaria, sen a necesidade do procedemento excepcional do pago a xustificar, que anticipa o libramento de fondos, xa que a emisión da factura é anterior ao seu pagamento
69	Alcaldía	629/2013	23/12/13	Conta xustificativa do anticipo de caixa do Departamento de Cultura porque un dos xustificantes de gasto omite requisitos esenciais previstos na normativa de facturación
70	Alcaldía	657/2013	30/12/13	ADO 34/2013, pola do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
71	Alcaldía	659/2013	30/2013	ADO 35/2013, pola do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor
72	Alcaldía	665/2013	30/12/13	ADO 35/2013, pola do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor

73	Alcaldía	666/2013	30/12/13	Conta xustificativa 3/2013 do anticipo de caixa fixa para axudas de emerxencia social, por non existir unhas bases reguladoras nin convocatoria da subvención que regule o seu procedemento e pola omisión dos requisitos da factura nun xustificante de gasto
74	Alcaldía	668/2013	30/12/13	ADO 38/2013, pola do procedemento de contratación en gastos que exceden dos límites do contrato menor

En canto ás principais anomalías en materia de ingresos, consta un informe da Tesourería e a Intervención Municipais en relación á tramitación das exencións no Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica para persoas cunha minusvalía igual ou superior ao 33%. As anomalías indicadas consistían na admisión como xustificante da minusvalía para tramitar a exención, dun certificado ou resolución do INSS que acredite que o solicitante ten concedida unha incapacidade permanente, xa que o artigo 1.2 da Lei 51/2003 establecía o seguinte:

“Aos efectos desta Lei, terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas a quen se lle recoñecese un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. En todo caso, consideraranse que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33% os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluto ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade”.

A conclusión do informe consistía en que non era axustado a dereito aplicar analoxicamente a definición do minusválido que realiza a Lei 51/2003 á normativa tributaria das entidades locais, tendo en conta a xurisprudencia do Tribunal Supremo. O informe propuña a modificación da ordenanza fiscal que permitise admitir a documentación permitida pola Lei 51/2003 para a tramitación da exención.

De acordo co informe emitido o 26/09/2014 pola axente recadadora, a partir da emisión dese informe non se tramitou ningunha exención que o contradixese, senón que se modificou a ordenanza fiscal do imposto no sentido do informe, emendándose a dita anomalía.

Nº	Data do informe	Descrición
1	16/05/13	Exención no IVTM para persoas cunha minusvalía igual ou superior ao 33%

Este é o meu informe, do que doulle traslado á Alcaldía para a súa elevación ao Pleno.

Rianxo, 26 de setembro de 2014
A interventora
Patricia Fernández Pérez>>

Asemade dase conta do informe xustificativo que emite a Alcaldía en relación aos devanditos levantamentos de repaso ao abeiro do artigo 218 do TRLRFL. O seu teor literal é o seguinte:

<<INFORME DE ALCALDÍA

Asunto: Informes de Intervención do exercicio 2013

O artigo 218 TRLFL establece o seguinte:

“1. O órgano interventor elevará un informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. O dito informe atenderá unicamente a aspectos e cometidos propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice. O contido neste apartado constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria. O presidente da corporación poderá presentar no Pleno un informe xustificativo da súa actuación.
2. Sen prexuízo do anterior, cando existan discrepancias, o presidente da entidade local poderá elevar a súa resolución ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.”

O 26/09/2014 a Intervención Municipal emitiu o informe ao que se refire o que se refire o artigo anterior. Como xustificación aos ditos informes, hai que indicar que unha gran parte deles refírense a unha sucesión de contratos menores, para os que están pendentes de tramitar o procedemento de contratación. A necesidade de proceder ao pagamento dos servizos efectivamente prestados e evitar un enriquecemento inxusto da Administración. En relación ao incumprimento da orde de prelación de pagamentos, a maior parte das veces

responden a unha esixencia do contratista como condicionante para continuar coa prestación do servizo. En relación aos recoñecementos extraxudiciais, a continuación coa tramitación do procedemento responde á xustificación de cumprir coa obriga de pagamento do concello cos seus provedores, co fin de non concorrer nun enriquecemento inxusto da Administración. Finalmente, indícase que se está tramitando a elaboración dunhas bases reguladoras das axudas de emerxencia social, co fin de solventar os informes contrarios pola súa falta. En tanto non se produce a súa aprobación, considérase prioritaria a súa aprobación cando así se acredite polos Servizos Sociais a súa necesidade, coas regras previstas nas bases de execución do orzamento.

Rianxo, 26 de setembro de 2014

O alcalde
Adolfo F. Muíños Sánchez>>

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

4.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2013

O Sr. Alcalde da conta da proposta facilitada aos voceiros dos grupos municipais.

<<Visto o expediente da conta xeral do Concello de Rianxo correspondente ao exercicio económico de 2013, no que consta a documentación prevista nas regras 97 e seguintes da Instrución do modelo normal de contabilidade, aprobada pola Orde EHA/4041/2004, do 23 de novembro

Someteuse a ditame da Comisión Informativa Especial de Contas do día 21.08.2014, sendo este favorable.

O expediente estivo exposto ao público vía BOP núm. 164 do 29.08.2014 e no taboleiro de anuncios municipal, durante 15 días hábiles e 8 máis, rematando o prazo para formular reclamacións, reparos ou observacións o día 26.09.2014, sen que se formulase ningunha segundo consta no certificado de Secretaría.

Considerando que o artigo 212.4 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 atribúe ao Pleno a competencia para a súa aprobación, e debendo ser esta aprobada antes do 1 de outubro do ano seguinte,

Esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a conta xeral correspondente ao exercicio de 2013 do Concello de Rianxo nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO: Unha vez aprobada, remitirla ao Consello de Contas antes do 15.10.2014 para a súa fiscalización conforme estipula o artigo 212 e 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.>>

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

Ábrese o **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que lle parece increíble que presuman de contas cando se dedica continuamente a levantar reparos, ata 74 no ano 2013 sobre, entre outras cousas, a adxudicación de contratos maiores e menores sen respectar as esixencias licitatorias e tamén se saltan a prelación de pago o que coincide co comentado por provedores en tanto que o goberno municipal paga a quen quere.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que é errado ese parecer do PP, posto que, incluso nunha situación de crise económica como a actual é capaz o goberno municipal de presentar estas contas que cumpren coa estabilidade orzamentaria, a regra de gasto e sen presumir, cúmprese coas normas da facenda local moi esixentes e pon por exemplo: que da Conta Xeral 2013 resulta que os ingresos son maiores que os gastos, que existe ademais un remanente de tesourería a pesar de eliminar os de dubidoso cobro. A débeda a entidades financeiras non acada o 52% da débeda vida, e por habitantes está moi por debaixo da media estatal.

O concelleiro de facenda continua dicindo que se afrontan moitas facturas e na realización de pagos están no 86%, podería incluso dicir que na execución orzamentaria están no 92%,

conclúe con que o concello de Rianxo cumpre coa normativa vixente. En canto as acusacións de “amizade no pago” que lle di o Partido Popular, non se paga as veces por causa dos reparos porque a documentación non está correcta, etc.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que van a aprobar as contas do concello pois cumpren coa legalidade, cousa que outras administracións públicas non poden presumir. Son contas reais e ademais di que ata xornal O correo gallego publicou que o Concello de Rianxo foi un dos concellos coas débedas mais ao día de toda Galicia, vaise a seguir nesa liña tratando aínda así de afrontar os servizos e necesidades da veciñanza.

O alcalde remata o debate para comentar que cando chegou a alcaldía os funcionarios explicáronlle que tipos de reparos existen e que conleva a fiscalización, unhas veces os efectos son suspensivos e outras non. Di que se sente particularmente orgulloso de levantar os reparos relativos as necesidades sociais, como axudas para libros, e así o seguira a facer ata final de ano mentres exista crédito. Continua dicindo que non entende porque grandes compañías cargan os seus recibos (Fenosa, Telefónica ...) E cobran así antes que os provedores particulares. Di que cando menos agora exponse esa documentación, que antes non era así, e pódense comprobar polos concelleiros e polo público sendo mais transparentes sobre o destino do diñeiro público. Actualmente estase a traballar na liña de manter os servizos e iso a pesar de que os servizos económicos case traballa mais para o ministro Montoro que para o propio concello.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo APROBADA por 9 votos a favor (5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE, e 5 votos en contra (os 5 membros do PP) e cero abstencións dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5.- APOIO Á PESCA DO XEITO

O alcalde da conta da proposta para o pleno corporativo:

<<A pesca do xeito entra nun período no que está en xogo a súa prohibición total.

Esta posibilidade comezou fai poucos días coa sorprendente prohibición de pescar sardiña ordenada polo Ministerio de Pesca motivada a que España e Portugal consumiron a cota prevista polo regulamento de explotación para a totalidade do recurso.

Así, sen distinción algunha entre as diferentes modalidades de pesca, e sen que a pesca do xeito chegara o 10% da cota permitida, os *xeiteiros* son incluídos na prohibición de pesca con redes á deriva. **Unha prohibición total que a Comisión Europea propón aplicar na Unión Europea nun prazo de apenas tres meses, o próximo 1 de xaneiro de 2015.**

427 embarcacións practican actualmente esta arte de pesca en Galicia sendo maioría os da confraría de Rianxo con 116 embarcacións. Ás confrarías de Cabo de Cruz, Cambados, Illa de Arousa, Pobra do Caramiñal e Vilaxoán, pertencen o resto das embarcacións afectadas na Ría de Arousa.

O *xeito*, arte de pesca artesanal e sostible, practicado desde tempos inmemoriais nas Rías galegas, non ofrece motivos para que se inclúa nunha normativa creada para protexer os habitas mariños da pesca destrutiva.

O *xeito* empregado para a pesca da sardiña no interior das Rías, está formado por un só pano de rede que se cala a unha superficie variable, suxeito por un lado á embarcación, de menos de 12 mts. de eslora, e por outro a unha boia, con lances moi curtos que non superan unha hora de tempo.

Nada que ver cas **embarcacións de gran escala que pescan con redes á deriva** cun límite de 2,5 kms. de lonxitude. Tampouco o xeito ten comparativa posible coas 400 embarcacións que procedentes de Italia, Francia, Turquía e Marrocos faenan principalmente no Mar de Alborán.

Moito menos é imaxinable que o xeito se confunda co **arrastre de profundidade**, na que os barcos superan os

100 mts. de eslora con dispositivos que arrastran a 2.000 mts. de profundidade causando graves impactos nos fondos mariños.

Só o descoñecemento, e tamén a irresponsabilidade, pode posibilitar que a pesca artesanal, sempre respectuosa co medio ambiente sexa clasificada como pesca ilegal xunto con outras que si son extremadamente destrutivas. **O problema non está na flota artesanal.**

Por tradición mariñeira, por respecto ó medio ambiente, por ser garante dunha pesca sustentable, **a pesca artesanal do xeito debe de ser excluída dunha norma que contén unha prohibición absoluta e indiscriminada.**

Nunca xamais na historia das Rías galegas a pesca do xeito foi prohibida. As propias Rías, xunto co coñecemento das xentes do mar, fixeron innecesario regulamento tan irracional.

A xente do mar de Galicia está a vivir tempos críticos e claramente discriminatorios. A prohibición de pescar sardiña ó xeito é unha mostra máis.

A súa aplicación abocará ó paro a mais de un millar de mariñeiros, ademais de por fin a un sistema de pesca tradicional que desde fai centos de anos é o principal sustento económico para un número importante de familias galegas.

Por historia e tradición, estamos na obriga de defender os dereitos recoñecidos dos nosos xeiteiros.

Por xustiza e responsabilidade, propónse ó Pleno da Corporación Municipal a aprobación do seguinte acordo:

- 1.- **Manifestar o apoio de toda a Corporación ás confrarías afectadas, ó sector do xeito e á pesca artesanal en xeral.**
- 2.- **Reclamar á Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia a suspensión inmediata da prohibición do xeito.**
- 3.- **Reclamar á Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio a retirada inmediata da prohibición do xeito e doutras pescas artesanais con medidas compensatorias para os barcos xeiteiros e as súas tripulacións.**
- 4.- **Reclamar ó Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación y Medio Ambiente a defensa no Parlamento Europeo da continuidade legal do xeito e demais modalidades de pesca artesanal.**
- 5.- **Reclamar á Comisión de Pesca do Parlamento Europeo a exclusión das prácticas artesanais respectuosas co medio ambiente da prohibición da pesca de deriva na Unión Europea.**
- 6.- **Instar aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, do Congreso dos Deputados e ós eurodeputados galegos á defensa, ata a súa consecución, da continuidade legal do xeito e demais modalidades de pesca artesanal.**
7. **Trasladar este acordo ó presidente da Xunta de Galicia, ó presidente do Goberno de España e a presidencia do Parlamento Europeo.>>**

O alcalde quere engadir que hoxe na Deputación Provincial da Coruña non estivo a tempo de que se tratara o asunto como moción pero si pedir intervención para tal fin e así reflectírase na acta, espera ter ocasión de formular o asunto como moción a final deste mes.

Adolfo pregunta a oposición se puido ler o texto da proposta e si están de acordo.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que si que están de acordo e apoiáronnos.

O alcalde dálle a palabra ao voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, que di que non se efectúan modificacións sobre o texto comentado xa tralo pleno ordinario anterior. Fai referencia ao escrito presentado pola cofraria de Rianxo se ven o texto é moi semellante mais xa non entrou a tempo de tratalo ou recollelo neste pleno, pero quere deixar constancia de que se presentou no día de hoxe, e incluso dalle lectura.

Votase a proposta recollida na parte expositiva deste asunto e acordada por todos os grupos que se facilitou coa documentación do pleno no día de onte.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo APROBADA por 14 votos a favor (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE e 5 dos do PP) , cero abstención e cero votos en contra, dos 14 membros presentes dos 17

que legalmente constitúen a corporación.-

Levántase a sesión ás 20:30 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo